



MESA SECTORIAL: CALENDARIO ESCOLAR 11-12 CONTRATOS PROGRAMA

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

Calendario escolar 2011-2012

Días lectivos: propoñemos que sexa lectivo o 9 de xaneiro empezando o período de vacación o 22 de decembro. Parece o máis axeitado pois o trimestre máis longo é o 1º. De non admitir esta proposta, suxerimos o cambio do 9 de xaneiro polo do 18 de maio (ponte das Letras Galegas). ACEPTADA

Propomos que se pospoña o inicio das aulas nas EOIs. A data proposta resulta inviable por mor dos exames de setembro. NON ACEPTADA

Transporte escolar (art. 10.2): eliminar este apartado referido aos centros que comparten transporte. Esiximos o dereito de cada centro a establecer o seu horario independentemente do transporte escolar. NON ACEPTADA

Xornada matinal reducida en xuño e setembro nos centros de Ed Infantil e Primaria: seguimos a reclamar este tipo de xornada por entender que pedagoxicamente é a que mellor se adapta ás necesidades do alumnado nestas datas. NON ACEPTADA

Adaptación do alumnado de Ed. Infantil: propomos que nos centros que sexa necesario, este período poida alongarse ata o 30 de setembro. ACEPTADA

Solicitamos que os ciclos de FP rematen cando conclúan as horas que compñen a carga lectiva de cada un deles. NON ACEPTADA

[Así quedaría o calendario escolar 2011-2012](#)

Orde que regula os contratos-programa

Como previo, o STEG quixo explicitar a súa postura ao respecto da Orde:

O mellor contrato sería: aumento do profesorado, diminución das ratios, paralizar o desvío de diñeiro público para a concertada: centros que segregan por sexo, programa Abalar, centros plurilingües...

Desde o STEG, aínda sabendo do seu carácter experimental, a maior preocupación é que non sexa un programa de carácter universal para todos os centros educativos. Para o STEG o traballo para a mellora da calidade do ensino debe ser unha obriga tanto da administración educativa como de todos os centros galegos. **Valoraremos positivamente todo programa para mellorar a calidade educativa sempre que cumpra os seguintes requisitos:**

1. **Que se converta nun programa universal** e que sirva para eliminar a discriminación educativa froito, fundamentalmente, das desigualdades sociais. De non ser así, os contratos programa, dependendo da súa xestión, poden afondar nas desigualdades entre centros e no dereito do alumnado á mesma calidade educativa

2. **A obrigatoriedade en todos os centros de medidas de loita contra o fracaso escolar e de mellora da calidade educativa**

3. O **compromiso da administración** non só de facer máis eficientes os recursos actuais dos centros, senón **de aumentar os recursos** alí onde sexan necesarios para garantir o dereito a unha educación de calidade en igualdade de condicións. Lembrámoslle que para unha mellora na calidade podían empezar por cumprir o acordo de agrupamentos

De non asumir estes compromisos o STEG solicita a devolución ou retirada deste texto e a presentación dun novo texto.

De non asumir a nosa demanda dun novo texto con criterios expostos queremos deixar constancia dos elementos que é imprescindible modificar no texto presentado:

1. Os **centros deben ser seleccionados pola administración** (nomeando unha comisión) entre aqueles que máis o necesiten debéndose repartir estes recursos en función das necesidades de cada centro que a administración debe coñecer. Non pode depender o programa da maior ou menor implicación do profesorado do centro educativo, senón das necesidades reais do alumnado. De non facelo así estamos a abrir aínda máis a diferenza que poida haber entre

centros. Neste sentido é preciso o establecemento dunha comisión que analicen e propoñan cales os centros que máis necesidades teñen. Se ademais, como recolle a resolución, considérase un mérito a participación dos centros noutros programas seguimos a favorecer aos centros máis implicados c o seu alumnado. Ademais non podemos esquecer que a dotación de recursos (tanto persoais como materias) por parte da administración será imprescindible para conseguir os obxectivos.

2. **As direccións dos centros non poden asumir aínda máis carga e moito menos sen a formación precisa.** Entendemos que neste traballo debe, cando menos, **participar o Dpto. de orientación** e a administración debe asumir a obriga da formación necesaria para este traballo.

3. **A participación das institucións da contorna nunca debe ser un requisito**, en todo caso debe aparecer só como algo desexábel. No mesmo senso a condición da participación en rede da comunidade educativa semella pouco realista, en especial se facemos unha avaliación do que está a ser o programa abalar. Hai que engadir ao anterior que o criterio para a selección de programas sexa a implicación das familias e institucións cando temos experiencias das dificultades desta implicación.

4. É **preciso introducir un concepto máis positivo de convivencia** e valorar aqueles proxectos onde se realicen importantes programas neste campo. Non debemos asociar a convivencia sempre a mala convivencia e a conflito en sentido negativo. Tampouco asociar resultados académicos exclusivamente a problemas de convivencia xa que é simplista e seguramente falso.

5. Nos obxectivos do programa a competencia lingüística debe facer **referencia específica á lingua galega**, xa que os informes de sociolingüística indican a necesidade dun maior esforzo na nosa lingua para mellora a competencia do nos alumnado.

6. A **difusión das boas prácticas** debe ser un obxectivo interno para mellorar a formación a partir das experiencias. Debemos ser moi escrupulosos nesta difusión evitando unha competitividade innecesaria e unha estigmatización negativa e probablemente falsa dalgúns centros.

7. Coidamos que **todos os esforzos deben dirixirse ao alumando con dificultades para evitar o fracaso escolar** (é o que recolle o asinado co ministerio). Entendemos que ás medidas propostas para a atención ao alumnado con mellor rendemento xa son unha obriga do profesorado ademais de ser alumando que máis doadamente acadará o éxito escolar. Entendendo que o apoio a todo o alumnado é necesario, mentres haxa taxas elevadas de abandono e fracaso escolar, debe dársele prioridade á loita contra o fracaso escolar.

8. **Resulta preocupante que os programas se escollan en función da viabilidade e non das necesidades do alumnado.** Máxime cando non se especifica que é a viabilidade, isto soluciónase se é a administración (mediante unha comisión formada para tal efecto) a que decide os centros seleccionados en función das necesidades.

9. **A avaliación dun programa destas características con tan pouco tempo de vida resultará difícil**, máxime se partimos da dificultade de fixar os indicadores que se lle obriga a establecer ás direccións sen proporcionarlle a formación necesaria.

10. Nestas circunstancias un **período de dous meses** para formación do profesorado, información das necesidade e logo selección dos centros que se acollerán ao programa resulta imprescindible.

11. A resolución debe contemplar a aplicación das partidas orzamentarias e non debe desviar diñeiro dos programas asinados polo Ministerio (dirixido á loita contra o fracaso escolar) para o programa da excelencia da Consellaría.

A Consellería negouse a aceptar ningunha das propostas das Organizacións Sindicais. Demostrou, na súa intervención, que ten unha concepción, sobre a educación como dereito, totalmente distinta á nosa. O director Xeral chegou a dicir frases como que os centros terían que funcionar como empresas e que a competitividade entre eles era boa.